

CONCELLO DE MEIRA  
CIF.: P2702900H  
Praza do Concello, s/n  
27240 Meira (Lugo)  
Teléfono: 982 330 102  
Fax: 982 104 090  
email:concello.de.meira @eidolocal.es

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 308/2020, POLA QUE SE APROBA E SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUIDOS AO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL DUN PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES , AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO, TRIBUNAL CUALIFICADOR E DATA DAS PROBAS DA FASE DE OPOSICIÓN.**

Visto que por Resolución da alcaldía número 291/2020, se prestou aprobación a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para a contratación dun peón de servizos múltiples.

Visto que todos os aspirantes están admitidos, e de acordo co punto 6.-admisión de aspirantes das bases do proceso selectivo, no caso de que non se presentaran reclamacións contra a lista provisional, ou que non houbera ningún aspirante excluído, entenderase esta como listaxe definitiva de aspirantes.

Asi mesmo procede sinalar a data e hora da realización das probas da fase de oposición, asi como a composición do tribunal cualificador.

De acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola lei 11/1999, de 21 de abril, polo presente,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos a participar no citado proceso selectivo para a contratación dun peón de servizos múltiples.

a) Aspirantes admitidos:

Nome e apelidos	DNI
Jorge Suárez López	***4420**
Antonio Fernández Fernández	***4062**
Miguel Ángel Rodríguez Portela	***1598**
Antonio Alonso Campos	***4851**

**Segundo.-** De acordo co punto 7 das bases do proceso selectivo, o tribunal cualificador estará composto polos seguintes membros:



CONCELLO DE MEIRA  
CIF.: P2702900H  
Praza do Concello, s/n  
27240 Meira (Lugo)  
Teléfono: 982 330 102  
Fax: 982 104 090  
email:concello.de.meira @eidolocal.es

-Presidente:Manuel Carramal Silva (Técnico de Administración Local)

-Vogais:

-M<sup>a</sup>. Celia Fernández Carballal, Informadora Xuvenil do Concello de Meira

-Antonio Castro Rodríguez, Oficial de 1<sup>a</sup>. Servizos múltiples no Concello de Meira

-Montserrat Vidal Villar, encargada da biblioteca do Concello de Meira

-Secretaria:Pilar Rozas Alonso, secretaria accidental do Concello de Meira

O tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, en todo caso será precisa a asistencia do presidente e do secretario, ou quen legalmente os substitúa.

Todos os membros do tribunal cualificador actuarán con voz e voto, agás o secretario que non terá voto nas sesións do tribunal.

**Terceiro:** Fixar para o día **14 de setembro de 2020 ás 17:00 horas** a fase de oposición que terá lugar nas naves Municipais, sitas no lugar de A Lomba no Concello de Meira.

**Cuarto:** Ordenar a publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Meira e na páxina web municipal ([www.concellodemeira.com](http://www.concellodemeira.com)).

Decreta, manda e asina o señor alcalde, ate min a secretaria accidental que dou fe

Meira, 9 de setembro de 2020

Documento asinado electronicamente

